

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 32- Agosto 2023

Publicación gratuíta
Colle unha!

KEEPERS

DISPLAY OF POWER

XHAMAIN

CALLE DEL RUIDO

DISMAL

YOU CANT HIDE

LAMATUMBÁ

LISKA

DARK EMBRACE

EXERIA

SUEVIA

ARCHIVO ADXUNTO

LEFTLOVERS

DREADCULT

KRATOS

DAKIDARRÍA



As bandas galegas no Resu 2023, parte 1: Youcanthide, Display of Power, Leftlovers



Inicialmente, a finais de 2022, o Resurrection Fest de Viveiro anunciou o seu cartaz para 2023 con catro bandas galegas, sinalando que as confirmacións restantes serían só internacionais; as elixidas foran Youcanthide, Dark Embrace, Deleiba e Sangre de Muérdago. Porén, a primeira excepción chegou uns meses despois co anuncio do cartaz «definitivo», que incorporaba tamén a Dismal. Non sería a última, pois apenas unha semana antes do inicio do festival chegaba unha nova sorpresa, co anuncio da incorporación dos locais Back in Town e da banda tributo coruñesa Display of Power. E, xa comezando o propio festi, esta vez fóra do cartaz principal, puidemos descubrir que habería tamén concertos no «bulevar» da entrada, nos que poderíamos gozar doutras dúas bandas galegas, Leftlovers e Keepers. Así que, en definitiva, foron 9 os grupos anfitrións que puidemos disfrutar no festival de metal, punk e rock máis concurrido de Galicia, o Resu.

Rouco Son estivo alí un ano máis para falarvos destas agrupacións e os seus concertos no festival, unha das maiores oportunidades que pode ter unha banda de por aquí para darse a coñecer ante unha audiencia moi considerable sen saír das nosas fronteiras. A representación galega no Resu foi, un ano

máis, diversa e á sobradamente á altura do resto de bandas presentes no evento, e agardamos que medre cada vez máis en vindeiras edicións. Nesta primeira parte da serie de crónicas que faremos para que tanto a xente que asistiu ao festival como a que non o puido facer poida coñecer a fondo estas bandas falaremos concretamente das tres primeiras en tocar: Youcanthide, Display of Power e Leftlovers.

Dúas delas tocaron o mércores 28 de xuño, no primeiro día de festival, e a terceira delas o xoves 29. A primeira foi Youcanthide, que, de feito, foi a banda encargada de estreir o escenario Desert, que foi o que congregou á meirande parte das bandas galegas nesta edición. A segunda, Display of Power, que pola contra foi a última banda en actuar ese día no festival, no chamado Ritual Stage. E a terceira, Leftlovers, que actuou no Resurrection Fest Boulevard á media tarde do xoves.

Youcanthide foi, pois, a primeira banda galega en subir ao escenario do Resu 2023. Fixéronno ás 15:55 no Desert Stage, despois de que Lamp3a e Endwalker estrearan os escenarios Ritual e Chaos e á vez que a veterana banda catalá Ktulu no escenario principal. Aínda que o escenario Desert acolle normalmente a bandas de estilos como son o doom

metal, o post-rock, o rock psicodélico ou o stoner metal, tamén tivo sitio para o potente rock alternativo deste quintento vigüés. O seu estilo tamén podería ter encaixado perfectamente no escenario Chaos, no que, de feito, se anunciara que ían tocar cando saíu o primeiro adianto do cartaz en novembro de 2022. Porén, este escenario especializado en punk rock ou hardcore, en contraste coa edición do ano pasado, non acolleu o concerto de ningunha banda galega nesta ocasión. Tampouco houbo ningún concerto galego no chamado Main Stage, aínda que isto xa é algo máis habitual. Agardamos que axiña as bandas de Galicia suban tamén regularmente ao escenario principal do festival.

Como xa indicamos na reportaxe que fixemos sobre o primeiro adianto do cartaz do festival, Youcanthide é unha banda fundada en 2019 por Kaixo, vocalista procedente de xéneros como o trap, e os membros da banda punk de garaxe Kings of the Beach: Samuel, Yago e Adrián (estes dous últimos tamén membros do dúo Dientes). A eles sumóuselles máis recentemente un segundo guitarrista, Brais, procedente do trío de rock alternativo Karma Animal ou da agrupación de ska punk Liska. En definitiva, 5 músicos vigueses de diferentes procedencias que decidiron

xuntarse para explorar un estilo novo para eles.

O quinteto deu un concerto tremendamente enérxico incluso para os estándares do festival, conseguindo que os asistentes o deran todo no mosh pit ao pesar de que o horario non era o máis favorable, algo que non calquera banda consegue. Isto foi aínda máis meritório tendo en conta a desventaxe engadida que supuxo tocar á vez que está tendo lugar un concerto no escenario principal, o que dispón de máis medios e cuxos concertos son os máis promocionados polo propio festival. A pesar diso, o seu recital contou cunha máis que nutrida asistencia. E non só o deron todo os espectadores, senón tamén os músicos «enriba» do escenario; non pararon de moverse, de bailar e mesmo de saltar ao público ao longo de todo o concerto.

O seu estilo de rock alternativo, marcadamente punky e ata post-hardcore, traía tamén á mente a iso que nos anos noventa se deu en chamar nu metal, unha etiqueta que se empregou para agrupar a unha ampla mestura de influencias do hardcore, o hip hop, o punk e o metal na que tamén podemos encontrar aos vigueses. Especialmente, en cancións como «9 gates», o seu último sinxelo e un dos adiantos do que será

o seu próximo disco, Guerra. Este disco, como xa nos avanzaron, verá a luz finalmente en novembro deste mesmo ano. Non faltaron no repertorio da banda no concerto sinxelos como «5 eyes», lanzado en 2022, ou «Alone», pertencente ao seu álbum homónimo de 2020. Este traballo completo de estudio lanzado en pandemia é o primeiro e ata o momento último da discografía do grupo.

Este concerto de Youcanthide foi moi especial por diversos motivos. Primeiramente, por ser o último que ata o momento deu a banda previo ao lanzamento de Guerra. O quinteto non ten ningún outro bolo programado ata entón, o cal é infrecuente tendo en conta, que, como xa se pode adiviñar polas credenciais dos seus membros, poden presumir dun amplo percorrido por diversos festivais galegos, que nestas datas agroman por todas partes no país. Segundamente, por supoñer finalmente a consumación dese «Kaixo Resurrection Fest» que xa cantara o artista vigués hai seis anos e medio xunto ao rapeiro madrileño Recycled J en «I don't care». E, finalmente, pola propia condición do Resu de evento máis concurrido polos seguidores do hardcore, o punk ou o metal en Galicia. Os membros de Youcanthide, xa sexa con este ou con outros proxectos, visitaban o seu escenario por primeira vez, sendo este un fito destacable para calquera banda, galega ou non.

Rematado o concerto de Youcanthide, habería que agardar case dez horas para ver á seguinte banda galega. Neste caso, a Display of Power subírase ao escenario Ritual, o máis especializado en metal, ás 2:20 da madrugada, unha vez rematado o concerto do cabeza de cartel Ghost no escenario principal. Esta banda tributo a Pantera procedente da Coruña puido tocar sen competencia de ningún outro escenario, e aínda que moita xente abandoou, como é normal, o recinto despois de ver a Ghost dada a hora, un gran número de fans con ganas de festa quedaron para desfrutar do seu concerto. Son xa experimentados no que a tocar no Resu se refire, posto que esta foi a súa cuarta visita.

O primeiro que chama a atención de que o Resu contase nesta edición con Display of Power é o feito de que a propia Pantera, a banda á que renden tributo, tocaba no festival, sendo a cabeza de cartaz do xoves 29 de xuño. A celeberrima banda estadounidense de groove metal atópase en plena xira de reunión logo de 20 anos afastada dos escenarios por mor, primeiro, da súa disolución en 2003, e logo, do asasinato do seu guitarrista Dimebag Darrell en 2004 e a morte do seu batería e irmán do anterior Vinnie Paul en 2018. Polo tanto, o seu tratábase dun dos regresos máis agardados da historia do metal. Quizais precisamente por isto, non era suficiente a hora e media de concerto que deron os de Texas, polo que Display of Power ofreceu outra hora de queceamento o día anterior con moitos dos mellores temas da banda americana. De feito, non só compartiron escenario no Resu, senón tamén pouco antes no Hellfest francés.

Pantera, conformada nesta ocasión polos dous membros orixinais Rex Brown e Phil Anselmo e acompañados de Zakk Wylde e Charlie Benante como apoio en directo, leva toda esta xira de reunión tocando un set list moi completo con basicamente todos os principais temas clásicos dos cinco últimos álbums de estudio da banda. Polo tanto, Display of Power atopáronse co dilema de se tocar eles tamén os temas máis míticos ou interpretar as cancións que quedaron fóra do set da banda oficial, dilema que de feito trasladaron aos seus seguidores en redes sociais. Finalmente, os coruñeses optaron precisamente por tocar moitos destes temas menos coñecidos, pero sen tampouco descoidar os clásicos que todos os asistentes sabían. Así, lograron que o que podería ser unha mera copia do espectáculo da banda noventaíra fose en vez diso un complemento perfecto á súa actuación.

Hai que ter en conta tamén que, a pesar de ser estes Cowboys From Hell (frase identificativa que tamén empregan a cotío) coruñeses un grupo tributo, que por certo celebrou no Resu a súa despedida dos escenarios despois de dúas décadas

Youcanthide. Fotos de Vasco Rodríguez



en activo, os seus membros proceden de varias destacadas bandas da zona da Coruña. Tanto antes como despois de fundar o tributo, que toma o seu nome do sexto álbum de estudio de Pantera Vulgar Display of Power (1992), o segundo dos que a banda texana considera «oficiais», os integrantes do cuarteto fixeron parte de formacións de moi diferentes estilos.

O grupo foi fundado en 2002 polo guitarrista Roi Gil, o baixista Diego Louro o batería David Edreira, que xa coincidiran na banda de nu metal en galego Meninhos da Rúa e no grupo de rock industrial The Energy Of Each Thing (TEOET). Logo unírase ao grupo Alberto Castaño, da banda de grindcore Hashashin e que logo formaría tamén parte de C'mon Baby Destroy ou La Hydra. Edreira sería posteriormente substituído por José Vilas, batería de ban-

das como TST. Ademais, en 2015, Castaño e Gil fundarían tamén a banda de metal extremo Obskvlrt. Agora que a reactivación de Pantera fixo que considerasen que era o momento de finalizar a traxectoria de Display of Power, de seguro axiña escoitaremos cousas novas das súas outras bandas.

Rematada xa a xornada do mércores, tocaba agardar ata as 17:30 do xoves para ver á seguinte banda galega, Leftlovers. O seu concerto, como xa comentamos, non formaba parte do cartaz como tal do Resu, xa que non tivo lugar en ningún dos catro escenarios propiamente ditos do festi, senón que se encadraba dentro dos chamados Boulevard Shows. Estes tiveron lugar do xoves 29 de xuño ao sábado 1 de xullo nun dos postos preto da entrada do recinto, e contaron con tres bandas. Estas tocaron unha cada día pola tarde, acompañan-

das tamén dun DJ, o galego Isaac Pedrouzo, que pinchou no bulevar os tres días. As bandas elixidas foron os coruñeses Leftlovers o xoves 29, os ferroláns Keepers o venres 30, e a banda tributo barcelonesa Metallijam o sábado 1.

Os concertos neste Boulevard tiñan lugar nun pequeno balcón sobre os diferentes postos, preto doutros como a «capela» ou a tenda de merchandising oficial. Nel, protexidos por dous parasoles, comezou tocar Leftlovers ás 17:30, nada máis rematar o concerto sorpresa de Motionless in White no Chaos Stage. Coincidiu, primeiro, con Landmvrks no escenario principal e Steak no Desert ata as 18:05, e logo con Imperial Triumphant no Ritual ata as 18:45. O cuarteto coruñés define o seu estilo como metal alternativo, se ben é especialmente notable a influencia do metalcore no seu estilo. De-

ron o concerto máis longo dos Boulevard Shows, cunha hora e cuarto de tempo (de feito, máis que a maior parte das bandas do festi). Nel interpretaron versións e temas propios como o seu primeiro sinxelo e videoclip «Uncensored», lanzado en 2022 e gravado por Pablo Espido, batería de Eco.

A pesar da dura competencia e de que nin sequera tocaban nos escenarios convencionais, o concerto de Leftlovers congregou a unha considerable multitude, que fixo pogos e muros da morte como se dun dos grupos principais se tratase. Dende logo, todo un fito para esta nova banda, fundada apenas en 2021. Rematado o seu concerto, non habería máis bandas de Galicia para disfrutar nesa xornada do xoves 29, así que tocaría agardar ao día seguinte, no que si que chegaría haber 3 concertos galegos ao longo do día.



Xhamain rende homenaxe á afección do Celta de Vigo co tema «A nosa canción»



O sexteto vigués Xhamain, acaba de lanzar o seu novo tema «A Nosa Canción», unha homenaxe aos seareiros e seareiras do Celta de Vigo gravado con motivo do centenario do clube. A canción vén acompañada dun videoclip realizado por Fatal Films que conta con numerosas colaboracións; tanto de históricos futbolistas do equipo fundado en 1923 e de varias peñas celtistas como de decenas de músicos e amigos da escena rockeira e metaleira da cidade. O vídeo foi presentado nunha festa celebrada o pasado venres 18 na viguesa Cervexería Picoteo.

A banda, que mestura estilos como o folk metal ou o metal gótico, contou coa participación de case 70 persoas para cantar no videoclip a melodía principal da canción, nunha sección que emula o estilo dos cánticos do estadio de Balaídos. Ademais, segundo xa avanzaron antes da estrea, o tempo da canción é de 192,3 en referencia ao ano de fundación do clube. O vídeo conta, así mesmo, coa participación especial de dúas lendas do celtismo: o porteiro Sergio Álvarez Conde, «O gato de Catoira», e Manolo Rodríguez Alfonso, «O gran capitán». Dúas figuras de diferentes etapas na historia do clube pero ambas de gran transcendencia e significado para a afección. «A súa presenza trae consigo a historia e o orgullo do clube, reforzando a conexión entre a música, o fútbol e a cidade», sinalan dende Xhamain.

«As peñas celtistas tamén son unha parte importante, aparecendo varias delas pasándose un balón que vén desde unha nena xogando soa, compartindo a súa paixón con elas e con Manolo, para rematar aparecendo no céspede de Balaídos nun final memorable con Sergio Álvarez», explican dende a banda. Por outra parte, os emprazamentos escollidos para a gravación deste videoclip tampouco son casuais, pois son todos eles lugares emblemáticos da cidade de Vigo: praza América, a Guía, o Castro e, como non, o xa citado estadio de Balaídos. Todos estes lugares «serven de escenario para esta obra musical, conectando a paixón pola música co amor polo deporte e polo noso patrimonio», destacan dende Xhamain.

Nova edición do festival

REVENIDAS

VILA XOÁN 2023

7 - 8 - 9 - 10 de setembro

Achégase a edición 2023 dun dos máis asentados festivais galegos, o Revenidas, celebrado cada ano en Vila-xoán, na parroquia aousá de So-brán. O evento contará con concertos de moitos destacados artistas a nivel estatal e mesmo de latinoamérica, e tamén cunha considerable representación do rock galego. Nun cartaz encabezado por Ska-P, Los Chikos del Maíz, Ana Tijoux, Sara Hebe ou a nova banda de Evaristo Páramos, Tropa do Carallo, podemos atopar nomes como os de The Skarnivals, Arrhythmia, Heredeiros da Crus, Dakidarría, Lamatumbá, Familia Caamagno e The Rapants. E, ademais destas bandas de rock, podemos atopar a outras artistas galegas de diversos estilos, como Hydn, Fillas de Cassandra, Mondra, Sheila Patricia, Rebeliom do Inframundo, O Rabelo, Xosé Lois Romero e Aliboria ou A Duendeneta.

The Skarnivals e Arrhythmia serán as bandas de rock galegas encargadas de tocar no primeiro día do festival, o xoves 7 de setembro. Os primeiros, procedentes de Bueu, están a presentar o seu novo álbum Latexos, no que demostran unha vez máis o seu característico estilo ska punk. Os segundos, habituais dos festivais veraniegos, presentaron o ano pasado o seu álbum I. Compartirán o escenario coas artistas latinoamericanas Ana Tijoux e Panteón Rococó, cos asturianos Desakato na súa xira de despedida, coa rapeira arxentina Sara Hebe e co grupo madrileño de música latina Tremenda Jauría, entre outras.

A segunda xornada do festival, a do venres 8, contará con Zoo, Fillas

de Cassandra, Los Chikos del Maíz, Zetak, Sheila Patricia, La Regadera ou Rebeliom do Inframundo. Tamén con Tropa do Carallo, a nova banda do que fora vocalista de La Polla Records ou Gatillazo, Evaristo Páramos. O cantante, aínda que célebre pola súa traxectoria en Euskal Herria, naceu en Tui, e fai clara referencia ás súas orixes galegas no nome deste novo grupo punk. Virá acompañado por Abel Murua ao baixo, Tripi á batería e Alberto Salgado á guitarra, e os catro presentarán no Revenidas o seu primeiro álbum, Que hostias andáis!.

A xornada do sábado 9 de setembro será a que conte con máis bandas de rock galegas, 5 en total; Dakidarría, Lamatumbá, Heredeiros da Crus, The Rapants e Familia Caamagno. Por unha banda, Dakidarría, co seu ska punk, aproveitarán o festival de Vila-xoán para celebrar o seu 20 aniversario xunto a un feixe de convidadas e convidados. O espectáculo será gravado para se converter no primeiro disco en directo da banda do Val Miñor. Por outra banda, tamén será moi especial o concerto de Lamatumbá, coa súa mestura de rock, reggae ou música latina, que se atopa en pleno regreso aos escenarios. E tamén estarán ese día os míticos Heredeiros da Crus, nun dos seus primeiros concertos tralo parón provocado por motivos de saúde do seu vocalista Javi Maneiro.

The Rapants, pola súa banda, son definidos polo grupo festival como “xunto con Fillas de Cassandra, a gran sensación da música galega deste 2023”. Cando hai uns anos asoma-

Javi Maneiro dos Heredeiros da Crus



Lamatumbá



ron pola escena musical galega presentábanse como “unha banda de indie e garage” que pretendía “achegar frescura por medio de temas animados, directos e cargados de enerxía”, co obxectivo de “levar o noso bo rolo alá onde imos”. Os de Muros propoñen ademais un achegamento á música disco e á electrónica co seu novo disco, O corazón como un after.

Outros que veñen de darlle unha volta ao seu son son Familia Caamagno. O quinteto compostelán estreou a finais de 2022 O mundo está derrotado, un disco co que actualizan a súa característica sonoridade retro, achegándose á contemporaneidade “dunha forma perralleira”, como afirman sempre dende o seu particular sentido do humor. Todos eles compartirán cartaz con Ska-P (que ofrecerán en Vilaxoán o seu único concerto en Galicia deste ano), Rodrigo Cuevas, La Élite, Nativa, Kiza, O Rabelo, Mondra, Kris K Dj, Me Fritos and the Gimme Cheetos e A Duendeneta (que pinchará tamén nos dous días anteriores).

A xornada do domingo 10, na que se celebrará a tradicional sardiñada popular e a Gala de Circo Solidaria, contará no musical coas actuacións de Uxía Lambona e a Banda Molona, La Yaya Dj e Xosé Lois Romero e Ali-boria, que serán os encargados de pechar o Revenidas 2023. Aínda quedan entradas para os días 7 e 8 dispoñibles na web do festi, así que, aproveitate!



Familia Caamagno



Evaristo de Tropa do Carallo



The Rapants



Dakidarría



Arrhythmia



Skarnivals

O Revoltallo aséntase como un dos festivais máis lonxeiros do país coa súa 30ª edición





Calle del Ruído



Archivo Adxunto



O festival Revoltallo, celebrado cada ano na parroquia viguesa de Valadares, chega agora á súa 30ª edición, que terá lugar do 15 ao 17 de setembro na carballeira do Pedregal. O seu cartaz inclúe 10 concertos ao longo de 3 días, así como numerosas actividades para todas as idades, que incluírán espectáculos de maxia e moito máis. Unha programación coa que, segundo sinalan dende a organización, «non darán tregua a ninguén, sen distinción de xénero, idade ou gusto, para os máis cativos, para os seus maiores e para todos os que queirades vir a pasar uns días a Valladares».

O venres 15 de setembro actuarán as bandas de punk rock Archivo Adxunto e Liska, e mais as cantautoras Pauliña e Lidia India. Todas elas, artistas que empregan o galego para a súa música, que percorre diferen-

tes xéneros. Por outra banda, o sábado 16 de setembro, o día máis metaleiro e hardroqueiro como é tradición no festival, actuarán as bandas galegas Suevia, Kratos e Calle del Ruido, acompañando aos barceloneses Ktulu e aos madrileños Minos. Finalmente, o domingo pechará o festival a agrupación de flamenco Pa Ti Na Ma, que conta nas súas filas con Fran Vázquez, cantante de grupos de rock e metal galegos como Cherokee.

Falando máis a fondo das bandas de rock galegas que forman parte do cartaz, que é o que nos ocupa nesta revista; Archivo Adxunto é unha banda muradá de punk rock nacida no verán do 2012. Está formada por Adri na guitarra e na voz, Yeray no baixo e Javi na batería, que farán honor no festival á destacable tradición punky da súa comarca. Liska, por ou-

tra banda, é unha banda de ska punk viguesa con máis de 10 anos de traxectoria. O seu último traballo, República 2.0, foi lanzado en 2020, ao que logo se lle sumou en 2021 o sinxelo «Sermos».

Por outra banda, despois dun tempo afastados dos escenarios, a banda de thrash metal gondomaresa Kratos volve con este concerto ó panorama musical. Os novos membros Javi e Diego únense a David, Miguel e Karrack. O mesmo día tocará tamén Suevia, a banda de rock viguesa formada por Fati, Susi, Olga e Patri e nacida en 2021. Tamén Calle del Ruido, que mestura rock alternativo e metal de letras reivindicativas tanto en galego como en castelán, procedentes de Meis. Esta banda está formada polo vocalista e guitarrista Tomi, o guitarrista e teclista Kike, o baixista Óscar e o batería Gian.

As bandas galegas no Resu 2023, parte 2: Dark Embrace, Dismal, Keepers

Fotos de Emilia Vidal-Hallett



Das nove bandas galegas que pasaron en 2023 polo Resurrection Fest de Viveiro, tres delas tocaron na súa terceira xornada, a do venres 30 de xuño: Dark Embrace e Dismal no escenario Ritual, e Keepers no Resurrection Fest Boulevard. Despois dos concertos de Youcanthide e Display of Power o mércores e do de Leftlovers o xoves, esta vez tocaba facer máis malabares para poder apoiar ás tres bandas galegas, xa que as tres tocaron nun lapso de apenas dúas horas e dez minutos e con Dismal e Keepers solapándose por completo. Porén, dende Rouco Son fixemos todo o posible para velas o máximo posible ás tres e contarvos como foron os seus concertos no festival. Despois de dous días menos cargados de bandas galegas, ata se agradeceu o trote!

A banda compostelá de death metal melódico Dark Embrace foi a primeira en subir ao escenario, concretamente, como dixemos, ao Ritual. Este escenario, o máis especializado en metal dos catro principais do festival, acolleu tanto o seu concerto como os de Dismal e Display of Power, mentres que o resto das bandas galegas tocaron no Desert Stage ou no bulevar. Era, ademais, a banda encargada de estrear o escenario este día. Foi ás 16:05 da tarde, xusto despois dos concertos de apertura da xornada, e Dark Embrace contou coa importante vantaxe de que non había ningunha outra actuación á mesma hora. Como contraparte, so tiveron 40 minutos de tempo, pero estes foron máis que suficientes para demostrar a calidade da súa proposta sobre as táboas.

Unha



das cousas que primeiro chamaron a atención do espectáculo foi o emprego de lume e pirotecnia, algo pouco frecuente nas primeiras bandas en actuar nun festi a pleno sol, pero que se dúbida engadiu un encanto extra ao concerto a nivel visual. Iso si, entre a calor do propio día e a das máquinas de lume, a resistencia dos músicos tivo que ser encomiable. Calquera que estivese nas primeiras filas dos concertos do escenario principal pola noite, onde o emprego destes recursos e moito máis común, pode dar fe de que suben a temperatura moi considerablemente a pesar de ser utilizados en periodos de tempo relativamente breves. Así que, mérito engadido para os membros da banda pola súa entrega á escenografía.

A formación actual de Dark Embrace nos directos esta composta por Óscar Rilo na voz, Alejandro Melchor «Mou» e Markos Villar nas guitarras, e Julio Valladares na batería. Óscar é, deles, o único membro fundacional do grupo, no que tamén cumpriu en determinadas épocas as funcións de guitarrista, baixista e teclista, levando nel dende os tempos en que era unha banda de doom metal a principios dos anos 2000. Ademais de pola súa traxectoria en Dark Embrace e noutras bandas, tamén é coñecido por levar, xunto a Jesús Bernal, a axencia Hueso Producciones, coa que ten organizado concertos e xiras de moitos destacados artistas de metal a nivel internacional. Por exemplo, organizan este setembro a xira estatal da lenda do power metal alemán Rage, na que Dark Embrace terá a honra de facer de teloneiros xunto a COP UK.

Mou, Markos e Julio, pola súa banda, teñen coincidido en numerosos proxectos anteriores. Principalmente, como membros da veterana banda de power metal galega Trashnos, da que Markos foi tamén o vocalista, antes do parón no que esta leva inmersa nos últimos anos. Mou foi o primeiro en entrar en Dark Embrace en 2016, ao que lle seguiu Markos como baixista antes de asumir anos despois o rol de



segundo guitarrista. Julio, por outra banda, entrou en 2018 como batería para os directos, mentres que este rol o desempeña no estudio, como músico *ce sesión*, Snowy Shaw, coñecido por ter tocado con King Diamond, Mercyful Fate, Memento Mori ou Dream Evil.

A formación, pois, tamén era chamativa, sendo un cuarteto con dous guitarristas e co baixo e os teclados secuenciados. A experiencia previa co power metal de Trashnos notábase especialmente nos coros de Markos e Mou, que lle daban unha gran forza ás seccións melódicas da voz de Óscar no directo. O vocalista alterna ditas seccións limpas cuns guturais particularmente desgarrados, emulando o estilo de míticos vocalistas de death metal como Martin Van Drunen de

Pestilence ou John Tardy de Obituary. Porén, a pesar da dificultade de executar correctamente un estilo vocal tan arriscado, o de Dark Embrace cumpriu con creces ao longo de todo o concerto. No referente ao estilo, Dark Embrace demostrou sobre o Ritual Stage a súa mestura de death metal melódico con elementos sinfónicos e góticos, ás veces incluso máis propios do black metal, dependendo da canción. No concerto predominaron claramente os temas do último álbum da banda, Dark Heavy Metal, que é o nome que empregan tamén para referirse ao seu estilo de música. Tamén houbo sitio para algo de The Call of the Wolves, o álbum lanzado en 2017 despois de dez anos de parón da banda e con Óscar Rilo como único membro oficial. O disco se-

ría posteriormente regravado e relanzado en 2022 como The Call of the Wolves (Re-howled). Porén, non soou no concerto nada da época doom metal do grupo, na que chegaron a lanzar en 2007 o álbum dixital The Rebirth of Darkness.

De feito, en contraposición ao estilo máis lento que practicaba o grupo nos seus inicios, os temas que demostraron no directo foron principalmente rápidos e enérxicos. Destacaron tamén os espectaculares solos de guitarra de Mou, profesor na Casa do Rock de Compostela e exmembro tamén de bandas como Fallen Sentinel ou Lightmaster. As cancións de Dark Embrace teñen numerosos elementos melódicos e sinxelos que as fan pegadizas, e, ademais, chamaba atención o número de persoas entre o público



Keepers

que coñecían e cantaban os temas. A banda leva xa un tempo tocando de xeito incansable e visitando numerosos festivais, polo que non sorprende que a asistencia ao concerto fose moi boa aínda tendo en conta o horario no que tocaron. Os asistentes non se animaron co pogo, pero si co headbanging ao ritmo da música.

A sincronía entre os membros do grupo, con décadas de traxectoria ás súas costas, foi tamén moi notable, movendo a cabeza ao unísono e percorrendo o escenario dun lado ao outro. Entre os temas máis destacados que soaron no concerto estiveron sinxelos como «Let the blind to see», «Personal hell» ou «Never seen the sun», e tamén outros como a rápida «Metalhead till I die», a declaración de amor á música metal coa que o grupo dixo despedirse do escenario. Porén, aínda quedaba por tocar o verdadeiro tema final, «Dark heavy metal», tras o cal o público pelexou avidamente polas púas que lanzaron os músicos dende o escenario. O concerto rematou 5 minutos antes do previsto, confirmando a máxima de que o bo, se breve, é dúas ve-

ces bo. Foi, en conclusión, un concerto sorprendente e moi entretido, no que a única nota negativa puido ser os problemas de son que afectaron a varias bandas no festival, cun bombo e uns graves esaxeradamente altos por momentos.

45 minutos despois do concerto de Dark Embrace, comezaba tocar, no mesmo escenario, Dismal, a que con diferenza foi a banda galega máis veterana en tocar neste Resu. A banda naceu nada menos que en 1992, como parte da mítica escena death metal galega da década dos 90, aínda que a finais desta mudaron o seu estilo polo metal alternativo. E, a finais da década dos 2000, o grupo cesou a súa actividade, polo que ata a súa recente reunión non tiveran ocasión de tocar nun festival como o Resurrection Fest, que tivo as súas humildes orixes en 2006. Polo tanto ás 17:15 daquel venres pagábase unha débeda histórica cunha das bandas máis lonxevas do metal galego, que por fin subían ás táboas do festival de metal máis coñecido do país. Unha banda que, de feito, practica un estilo que non podería ser máis axeitado para o Resu.

A agrupación radicada na parro-

quia de Viascón, en Cerdedo-Cotobade, leva dende a súa reunión tocando en directo os temas da súa etapa de metal alternativo e hardcore, época na que, de feito, renomeáranse temporalmente como The Dismal. Dous dos seus álbumes desta época, Make your mind up (2001) e El tristeza (2002), son os únicos que podemos escoitar de xeito oficial nas plataformas dixitais. Porén, tamén se puido percibir o seu pasado extremo ao longo do concerto en detalles aquí e acolá. Dende o ano pasado, Dismal son habituais dos festivais galegos con oco para a música máis cañeira, tendo pasado por algúns dos máis destacados alén do Resu: o Surfing the Lérez de Pontevedra, o Kanekas de Cangas, o Alén Metal Fest de Vilagarcía de Arousa... Polo tanto, os asistentes xa estaban preparados para o que ían atopar sobre as táboas por parte do grupo cotobadés.

A pesar de estar as letras das súas cancións en inglés e en español, foron unha das poucas bandas do festival que se dirixiu ao público en galego, un público entre os que se atopaban numerosos fans da banda tanto vellos como novos. Algúns de-

les, incluso, portando bandeiras galegas. Todos eles, entregados ao directo do grupo, cantando os temas da banda, e mesmo facendo pogo, como debe ser. Pódese dicir, pois, que tocaron na casa, sendo beneficiados por un horario máis favorable que o que tivo Dark Embrace. Predominaron no setlist as cancións pesadas para facer saltar aos asistentes, pero tamén houbo sitio para cancións máis rápidas nas que se orixinou algún que outro circle pit.

Un dos elementos que máis destacaron no concerto foron os samples e scratchings que caracterizan o son da banda. Especialmente, polo feito de que estes se interpretasen en directo, por parte do membro da banda Tino Álvarez. Nunha época na que é cada vez máis habitual que este tipo de cousas se secuencien e «disparen» nos concertos, o cal non é algo necesariamente negativo, Dismal foi unha das poucas bandas en todo o festival que o fixo deste xeito. A banda desfrutou, ademais, dun son máis equilibrado que o doutros concertos do festival, sen que as frecuencias máis graves dominasen tan claramente a música. Incluso, nas primeiras filas,



que adoitan ser as máis afectadas por este tipo de excesos.

O de Dismal foi, en definitiva, un concerto moi intenso e cargado de significado, no que se puido percibir unha gran cercanía entre o público e a banda, formada tamén por membros de outras formacións con moita presenza no underground galego como son Salavelatoria ou Enki. Oxalá poidamos ver tamén algunha vez, máis cedo que tarde, a Dismal interpretando non só estas cancións, senón tamén os temas da súa etapa máis death metal. Non podemos esquecer que foi nesa época, máis temperá para a banda, na que firmaron discos totalmente clave da historia do metal galego como Avowals, o seu compartido cos composteláns/cangueses Absorbed e cos ourensáns Unnatural. Sería toda unha pasada... E se é nun festi como o Resu, aínda mellor.

Mentres que Dark Embrace tivera a sorte de ser a unha das poucas bandas do festi que tocou sen ningún concerto paralelo noutro escenario, Dismal tivo que sufrir a situación contraria. O seu concerto coinciu non só co dos alicantinos Rosy Finch no desert stage, senón co concerto da banda ferrolá Kee-

pers no Resurrection Fest Boulevard, que acolleu uns concertos adicionais ao cartaz principal que foron anunciados de sorpresa ao comezar o festival. E a pesar de que o escenario do boulevard non dispuña dos mesmos medios técnicos que os outros, o concerto era máis que digno de ver, xa que estamos a falar nada máis e nada menos que da nova xeración de músicas e músicos do rock e o metal galegos: os membros da banda non superan a vintena en idade, e a maioría deles ronda os 14 anos.

Antes de continuar, teño que facer un inciso para contar que a primeira vez que souben sobre esta banda foi un ano atrás, no Resu de 2022. Eu estaba agardando nunha considerablemente longa cola para mercar un bocata dentro do recinto, e, nun momento dado, comecei falar cunha nena e os seus pais, que estaban ao meu lado. A nena era precisamente unha das integrantes de Keepers, que me falou da súa banda e do gran soño que sería para eles tocar no Resu algunha vez. Cando lle din os meus ánimos como músico e a miña promesa de falar sobre a banda nesta revista, nunca pensei que a ocasión chega-

ría tan cedo! Pero é que efectivamente, a traxectoria desta rapazada está sendo máis que envexable, pois xa teñen tocado tamén en festivais como o Fene Rock ou o Rock Narón. E, de seguro, de seguir con este ritmo, van chegar moito máis lonxe.

A banda esta especializada en tocar versións de diversos temas clásicos de rock e metal, cos que fixeron vibrar ao numeroso público que se congregou para velos tocar a pesar de facelo nun escenario tan relativamente pequeno. As rapazas e rapaces da banda derrocharon actitude e complicidade no escenario, dando unha boa lección a moitas bandas con membros moito máis experimentados. A interpretación dos temas tamén foi excelente, a pesar da súa curta idade e da dificultade engadida que supón tocar cancións ben coñecidas e queridas por todos os asistentes, que sempre implican poñer o listón alto a un nivel interpretativo.

Keepers son a baixista ferrolá Azalea Calvo, a cantante narenense Ari Martínez, o batería nendense Dani Piñón, o guitarrista eumés Iker Fernández e o +ñ.tarrista ferrolán Adrián Quintana. Dúas rapazas e tres rapaces de Ferrolterra que comparten a súa paixón pola música rock, e que xa son parte dun relevo xeracional moi necesario na escena. Cabe destacar ademais que, das bandas galegas que tocaron no Resu este ano, Keepers foron a única con rapazas nas súas filas. E tamén foron, en xeral, a banda máis nova de todo o festival. O quinteto ensaia nos locais de ensaio de Ferrol, que lograron a súa reapertura logo de meses de loita por parte da

plataforma Reapertura Xa Locais de Ensaio Ferrol, e, de feito, tocaron no festival organizado polas propias salas o pasado martes 22 de agosto na cidade.

Os cinco comparten, ademais da paixón pola música, a paixón concretamente polo Resu. Tanto é así que o membro máis novo da banda, Adri, gañou entradas gratuitas para toda a vida no festival cun concurso en 2018, cando só contaba con 8 anos, no que versionou «Rock and roll all night the kiss» en galego como «Eu quero ir ao Resurrection». Esta predilección polo festival notouse na súa entregada actuación, na que fixeron tolear ao público coas súas versións clásicas ata tal punto que as aclamacións dos asistentes esixíronlles seguir sobre o escenario ata xa pasada a hora programada da fin do seu concerto.

Rematou así un bolo que confirma a Keepers como unha promesa da escena. E habendo mesmamente en Galicia precedentes de bandas formadas por membros moi novos cun gran éxito, como Furious Monkey House de Pontevedra, dende Rouco Son estamos seguros de que Keepers teñen tamén unha brillante traxectoria por diante. E temos moitas ganas de ver como sacan disco, así que os animamos a poñerse mans á obra! O seu espectáculo, foi, dende logo, unha das grandes revelacións entre as bandas galegas do Resu. Pero aínda quedaba un día máis cos concertos doutros tres grandes grupos: Deleiba, Sangre de Muérdago e Back in Town. Deles vos falaremos na seguinte entrega.



Últimos concertos de Exeria en Vigo e en Mos antes de gravar novo disco



Exeria é unha banda de rock en galego de Ponteareas formada no ano 2021. O pasado sábado 11 de marzo lanzaron o seu primeiro sinxelo, «Un novo nome», acompañado dun videoclip dirixido por Wences Lamas, e agora, explican, están » a piques de pecharse no estudio a rexistrar novos temas». Porén, antes desta reclusión voluntaria, haberá dúas ocasións máis de desfrutar no seu directo, ambas na comarca de Vigo. A primeira destas ocasións terá entrada de balde, no chiringuito O Pirata de Samil, ubicado en primeira liña de mar na parroquia viguesa de Navia. Será o vindeiro mércores 23 de agosto ás 21:00. A segunda, como parte do ciclo de concertos Solpores na Rebullón, terá lugar no exterior da sala homónima ubicada na parroquia mosense de Tameiga, o xoves 24, tamén ás 21:00. Nesta última estarán acompañados doutra banda galega, Electric Läger, e a entrada será con billeteira inversa, podendo cada asistente decidir a contía da súa aportación.

O cuarteto ponteareán define o seu estilo como «grunge/rock dos

90», en referencia aos anos nos que medraron os seus membros. Concretamente, o definen como unha mestura entre «a escena do grunge americano cuxa capital foi Seattle» co «Britpop ou estilos mais alternativos coma ou Nu Metal», e sempre en lingua galega. Os membros da agrupación proceden de formacións tales como Cool Funeral, Circular, Met, ou incluso o célebre grupo de rock bravú ponteareán dos anos noventa O Caimán do Río Tea.

A banda leva dende o seu nacemento dando concertos por toda a metade sur de Galicia de xeito incansable. Unha das súas actuacións máis destacadas foi na batalla de bandas do festival Trece Roeis de Ferreira de Pantón, na que resultaron gañadores, asegurándose así a súa participación no festival na súa edición de 2024 e a gravación dun novo videoclip. Agora, con dous últimos concertos que teñen pendentes en Vigo e Mos, comezará unha nova etapa do grupo no estudio, da que de seguro saíran con forzas renovadas para seguir percorrendo o país.



Os vigueses Dreadcult lanzan o seu primeiro videoclip, «XI»



Dreadcult é unha nova banda de metalcore viguesa, que conta nas súas filas con membros de agrupacións como We Ride ou Agónica, entre outras. O quinteto acaba de lanzar o seu primeiro videoclip, «XI», que é tamén o primeiro adianto do que será o seu primeiro EP, titulado ROT. Este disco composto por 6 temas sairá á rúa o vindeiro 21 de setembro, e o seguinte adianto poderemos disfrutalo xa o 31 de agosto, data na que sairá o tema «Lonely Misery».

Dende a propia banda definen o seu estilo como un «metal/hardcore moderno na onda de bandas como Alpha Wolf, Knocked Loose ou Dealer», un «metal agresivo». O seu EP ROT comezou a xestarse durante os inicios da pandemia, nun momento nos que os membros do grupo, provintes de bandas de estilos como o hardcore punk ou o death metal melódico, estaban «buscando novos camiños da música pesada», sinalan. A pesar de que a banda naceu como tal hai catro anos, foi hai apenas uns poucos meses cando se comezou presentar en sociedade en redes sociais, e agora con este primeiro tema e o disco en camiño, a maquinaria parece estar xa definitivamente en marcha.

As 6 cancións que comporán o primeiro traballo de Dreadcult están, nas súas palabras, «empapadas de influencias de multitude de xéneros, dende o hardcore máis clásico, ata o deathcore máis duro», pasando polo «metalcore moderno» que en definitiva os engloba. Os concertos de presentación do disco comezarán a partir do 29 de setembro en Galicia e Portugal.

«XI» foi producido, mesturado e masterizado por Pablo Campos, mentres que o seu correspondente videoclip foi gravado por Víctor Rodríguez, que tamén se encargou da edición do mesmo xunto a Jesús Groba. Bastian Rodríguez, por outra banda, encargouse dos efectos visuais. O vídeo foi subido pola canle de youtube especializada en música rock BVTV Music.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com